



BOLETÍN RSU OUTUBRO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS




Carmen Sáez, Jaime Cabeza e Jorge Soto
interviron no acto inaugural.

A UNIVERSIDADE FORMA OS E AS PROTAGONISTAS DOS PROCESOS DE NEGOCIACIÓN NO ÁMBITO LABORAL

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 01/10/2021

Cadros das organizacións sindicais e empresariais e profesionais de ámbitos como os recursos humanos, o dereito do traballo ou as relacións laborais integran o grupo de preto de 30 alumnos e alumnas cos que conta, na súa cuarta edición, o *Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral*, que o Departamento de Dereito Público Especial da Universidade de Vigo promove xunto co Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). [+info.](#)



O OBSERVATORIO DE PERSOAS TITULADAS PON EN MARCHA UN NOVO ESTUDO SOBRE O IMPACTO LABORAL DA PANDEMIA

D. BESADÍO DUVI 01/10/2021

O Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, coa colaboración do Consello Social, acaba de pór en marcha un **novο proceso de captación de datos** para coñecer o impacto laboral da pandemia durante o ano 2021. Nesta ocasión, e a diferenza do anterior estudo, non avalía puntualmente unha onda da pandemia, senón un período máis amplo, que comprende desde o 1 de xaneiro ao 1 de setembro de 2021, “meses nos que se sucederon a terceira, cuarta e quinta ondas e que tamén estivo marcado polo avance do proceso de vacinación contra a covid-19.” [+info.](#)



UN CONGRESO INTERNACIONAL ANALIZARÁ O IMPACTO DAS POLÍTICAS E DAS INSTITUCIÓNS XURÍDICAS NA ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

DUVI OURENSE 04/10/2021

A Facultade de Dereito do campus de Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do campus de Vigo acollerán os días 18, 22, 25 e 29 de outubro o **I Congreso Internacional de Violencia Sexual**. Nesta primeira edición, o evento, dirixido polas profesoras da Universidade de Vigo Inés C. Iglesias Canle e María José Bravo Bosch, estará enfocado “no estudo e análise das institucións xurídicas e o tratamento político da violencia sexual no eido interno e internacional”. [+info.](#)



A Czech University of Life Sciences acolle a primeira reunión do proxecto. Foto: Resonate

INVESTIGADORES DE DOCE PAÍSES DESENVOLVEN MÉTODOS ESPECÍFICOS PARA CUANTIFICAR A RESILIENCIA DOS BOSQUES EUROPEOS ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

DUVI PONTEVEDRA 04/10/2021

20 institucións e organismos de doce países europeos, entre os que se atopa a Universidade de Vigo, toman parte en *Resonate (Resilient forest value chains – enhancing resilience through natural and socio-economic responses)*, un proxecto seleccionado na convocatoria Horizonte 2020 que ten como obxectivo definir unha serie de estratexias de resposta que permitan mellorar a resistencia e capacidade de adaptación dos bosques europeos ante os efectos do cambio climático. [+info](#).



As bolsas oscilarán entre os 200 e os 1000 euros

25.000 EUROS PARA AXUDAR AO ALUMNADO DE CONCELLOS RURAIS A DESPRAZARSE Á CIDADE DE OURENSE

DUVI OURENSE 05/10/2021

Atender o custo económico que supón a realización de estudos universitarios oficiais para o alumnado empadroadado en concellos rurais da provincia de Ourense distantes dos campus universitarios e con dificultades de conexión a través de medios de transporte habituais. Con este obxectivo preséntanse as [bolsas Ourense Rural](#) para o estudiantado matriculado no campus de Ourense este curso 2021/2022. [+info](#).

FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, PRIMEIRA FACULTADE DE ESPAÑA EN LUCIR UN DISTINTIVO DE IGUALDADE

M. DEL RÍO DUVI 05/10/2021

No mes de abril, a Universidade de Vigo convertíase na primeira de España en poñer en marcha un distintivo co que recoñecer as escolas e facultades máis igualitarias. Agora, a Facultade de Filoloxía e Tradución convértese na primeira do Estado en lucir este selo, ao ser o centro mellor valorado dos once presentados á primeira convocatoria do Distintivo de Igualdade da UVigo. Este martes, a súa vicedecana de Calidade, María Seijas, foi a encargada de recibir de mans do reitor, Manuel Reigosa, este selo que distingue á FFF como un exemplo de esforzo e traballo a prol da igualdade. [+info](#).



Foto de familia do reitor e a directora da Unidade de Igualdade co decano e docentes da Facultade de Filoloxía e Tradución



A conferencia terá lugar este xoves ás 17.00 horas

DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA INAUGURA O CURSO EXPLORANDO O PAPEL DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL NO FUTURO DAS ADMINISTRACIÓNS

DUVI PONTEVEDRA 05/10/2021

2020-2030, una década crucial para renovar la administración pública é o título da conferencia que o catedrático da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona Carles Ramió impartirá este xoves no acto de apertura académica dos estudos de Dirección e Xestión Pública. “Ramió leva xa anos traballando en cuestións de prospectiva e é un dos maiores expertos sobre temas de administración pública, intelixencia artificial e robótica”, salienta Enrique Varela, decano comisario da Facultade de Dirección e Xestión Pública. [+info.](#)



REGRESAN OS XOVES EMPREGABLES PARA DEBULLAR AS PROFESÍONS DO FUTURO

M. DEL RÍO DUVI 06/10/2021

Nas novas tecnoloxías, a intelixencia artificial, a virtualidade... os cambios e innovacións que se están a producir na contorna produtiva e de consumo están a demandar tamén novos perfís profesionais que farán mudar substancialmente nos próximos anos o mercado laboral. Para achegar o alumnado actual a todas estas posibilidades, a Área de Emprego e Emprendemento organiza unha nova edición dos *Xoves Empregables* financiada por Eures que, desta volta, se centrará nas profesións do futuro. [+info.](#)



Maruxa Álvarez, responsable da Área de Emprego e Emprendemento

A ÁREA DE EMPREGO E EMPRENDAMENTO IMPULSA UN PROGRAMA DE INNOVACIÓN ABERTA COAS EMPRESAS

D. BESADÍO DUVI 08/10/2021

Colmea de Ideas. Este é o nome elixido pola Área de Emprego e Emprendemento para bautizar a súa última iniciativa: un programa de innovación aberta na contorna universitaria “unha vía para incentivar que o alumnado desenvolva proxectos que ofrezan solucións innovadoras e viables aos retos que propoñan as empresas e entidades que participen no programa, de maneira que se sintan protagonistas dun posible proceso real de innovación”. [+info.](#)



Pedro Figueroa, durante a presentación do informe

A CULTURA É O SEGUNDO SECTOR QUE MÁIS EMPREGO XERA EN PONTEVEDRA E NA SÚA CONTORNA

DUVI PONTEVEDRA 08/10/2021

Deixando fóra os postos de traballo no sector público, a cultura é o sector que máis emprego xera na cidade de Pontevedra e na súa área de influencia. Esta é unha das principais conclusións do [Informe do sector cultural no Concello de Pontevedra](#) que o grupo de investigación G4+. Desenvolvemento Estratéxico: Organizacións e Territorios desenvolveu para a Concellaría de Cultura. 80 empresas, cunha facturación de preto de 157 millóns de euros, e 2175 postos de traballo, a meirande parte de autónomos e autónomas, conforman un sector “que na cidade e na súa área xera máis emprego que a restauración ou a construción”. [+info.](#)



O reitor, Manuel Reigosa, e o secretario xeral, Antonio Rodríguez Miranda, déronlles a benvida

73 FILLOS E FILLAS DA EMIGRACIÓN REENCÓNTRANSE CON GALICIA CURSANDO UN MESTRADO NA UVIGO

M. DEL RÍO DUVI 06/10/2021

Que o talento galego espallado polo mundo poida retornar a Galicia. Este é o obxectivo do programa de Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior (BEME) que impulsa a Xunta de Galicia e permite que mozas e mozos do exterior poidan cursar un mestrado nas universidades galegas. En total, neste curso 2021-2022 beneficianse desta iniciativa un total de 200 estudantes, tanto galegos residentes no estranxeiro como descendentes de galegos, que proceden de máis de 20 países, principalmente de Arxentina, Venezuela, Brasil, Cuba, Reino Unido, Alemaña ou Suíza. [+info.](#)

UN CICLO DE CONFERENCIAS ACHEGA OS ODS A DIFERENTES ÁREAS CURRICULARES

DUVI PONTEVEDRA 08/10/2021

Contribuír á consecución da Axenda 2030 desde a escola é un dos propósitos centrais dun proxecto de innovación docente que, ao longo deste ano, desenvolven 12 profesoras e profesores da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Baixo a coordinación de Mercedes Varela, *Abordaxe dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable: contribucións dende as diferentes áreas curriculares* engloba diferentes iniciativas dirixidas a vincular os 17 ODS da Axenda 2030 de Nacións Unidas coa formación do alumnado en diferentes curriculares. [+info.](#)



Ciencias da Educación e do Deporte acolleu o inicio dun ciclo de conferencias centrado nos ODS

Outubro 2021.



UN RECITAL POÉTICO PECHA EN PONTEVEDRA UN CICLO DEDICADO A CELEBRAR A DIVERSIDADE DA COMUNIDADE LGTBIQ+

DUVI PONTEVEDRA 11/10/2021

Sensibilizar e celebrar a diversidade da comunidade LGTBIQ+ é o principal obxectivo do *EventoIN (Internacional, Inclusiva, Investigadora) A UVigo celebra a diversidade*, unha iniciativa da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, o Consello de Estudantes e o Consello Social da Universidade que este venres 15 desenvolverá o seu último acto no Teatro Principal. [+info](#).

A EE FORESTAL AMOSA AS POSIBILIDADES DE XERAR 'BIOCHAR' A PARTIRES DE BIOMASA RESIDUAL

EDUARDO MUÑOZ DUVI PONTEVEDRA 13/10/2021

Diferentes actores da cadea de valor forestal, agrícola e gandeira, entre os que se atopa a Escola de Enxeñaría Forestal, integran o grupo de innovación *Biofore Plus*, que este mércores celebrou no centro do campus pontevedrés a reunión de peche dun proxecto dirixido a explorar diferentes vías para dotar dun maior valor a biomasa residual procedente de masas arbóreas sen valor comercial. [+info](#).



Oscar González, Luis Ortiz, Eduardo Tolosana, Érika Martínez, Juan Picos, Ángeles Cancela e Juan Castro



UN CURSO ANALIZARÁ O POTENCIAL TRANSFORMADOR DAS UNIVERSIDADES DE CARA AO CUMPRIMENTO DA AXENDA 2030

M. DEL RÍO DUVI 13/10/2021

Son moitas as actividades formativas, divulgativas, de concienciación e de cooperación que as universidades desenvolven a prol da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Agora que esta folla de ruta cumpre seis anos, a Universidade de Vigo e Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) propoñen analizar o que se ten avanzado neste eido e avaliar o papel que teñen as universidades na sociedade e de que xeito a Axenda 2030 pode contribuír a transformala. [+info](#).



Membros de Geoma e Rede: *Ángela Fontán, Pol Fontanet, Carlos Rodríguez, Andrea Ogando, Daniel Rey, Ana Bernabeu e Xosé H. Vázquez*

REDE E GEOMA PARTICIPAN NUN PROXECTO INTERNACIONAL QUE DESENVOLVERÁ INNOVACIÓNS TRANSFORMADORAS PARA ENFRONTAR CON ÉXITO O CAMBIO CLIMÁTICO

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 14/10/2021

Os grupos de investigación Geoma e Rede da UVigo participarán xunto a Cetmar e Feuga no desenvolvemento do [proxecto europeo H2020 TransformAr](#), coa finalidade de articular e demostrar solucións innovadoras que permitan avanzar na resiliencia fronte aos efectos, presentes e esperados, causados polo cambio climático. Xunto a investigadoras e investigadores de Francia, Bélxica, Italia, Grecia, Malta, Alemaña, República Checa, Noruega, Finlandia e Reino Unido. [+info.](#)



Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo, e Marcos Martín González, director da empresa Viaqua

A UNIVERSIDADE RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA EMPRESA VIAQUA PARA O DESENVOLVEMENTO DO CAMPUS AUGA

DUVI OURENSE 14/10/2021

Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo, e Marcos Martín González, director da empresa Viaqua, asinaron este xoves un novo convenio marco de colaboración entre as dúas institucións. O convenio dá continuidade ao existente anteriormente e o seu obxecto é "a posta en marcha dun conxunto de accións e iniciativas encamiñadas á promoción e ao impulso da xestión e tratamento de augas no ámbito docente e de investigación universitaria", centrándose as accións nas titulacións deste ámbito e no proxecto de especialización do campus de Ourense como Campus Auga. [+info.](#)



José Ignacio Armesto, Alejandro Martínez, Maruxa Álvarez e Natalia Caparrini

INCUVI CUMPRE DEZ ANOS FOMENTANDO O EMPRENDEMENTO ENTRE O ALUMNADO UNIVERSITARIO

D. BESADÍO DUVI 15/10/2021

Naceu en plena crise económica como unha aposta de futuro pola xuventude emprendedora e, dende entón, o [programa Incuvi](#) leva titorizado centos de ideas de negocio, algunhas xa consolidadas como proxectos empresariais e outras que, aínda tendo quedado polo camiño, lle serviron aos seus impulsores e impulsoras para reformular as súas propostas e aprender que o ensaio-error forma parte do camiño do emprendemento. [+info.](#)



A CÁTEDRA TELEFÓNICA-UVIGO PREMIARÁ OS MELLORES TFM RELACIONADOS CO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DUVI 15/10/2021

A Cátedra Telefónica Espazos de Innovación lanza unha convocatoria de premios destinados a poñer en valor os mellores traballos fin de mestrado relacionados co desenvolvemento sostible. En total outorgaranse cinco galardóns cunha contía de 500€ cada un a estudantes da Universidade de Vigo que presentasen o seu TFM ao longo do curso 2020/2021 na Universidade de Vigo cunha cualificación igual ou superior a 7 puntos. [+info](#).



Dirixido a docentes da facultade e centrado nos kits de robótica educativa de Lego

CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE ACOLLE UN SEMINARIO SOBRE O XOGO COMO RECURSO DIDÁCTICO

DUVI PONTEVEDRA 18/10/2021

A idea do “xogo como unha maneira de ensinar” constitúe o eixo central do seminario de formación en robótica educativa aplicada que este luns impartiu na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte o formador certificado de Lego Education Manuel Valencia. Centrado en dous produtos de robótica educativa desta compañía, o Lego WeDo 2.0 e o Spike Prime, este seminario dirixido ao profesorado da facultade tiña como obxectivo achegar ás participantes unha serie de claves “sobre como utilizar estas ferramentas dentro da aula para que os alumnos aprendan matemáticas, lingua ou idiomas”, explicou Valencia. [+info](#).



Foto de familia da andaina

80 PERSOAS PARTICIPARON NO ARRANQUE DAS RUTAS CULTURAIS DESTE CURSO

DUVI OURENSE 18/10/2021

As [rutas culturais](#) da Universidade de Vigo arrancaron estes sábado a súa programación do curso 2021/2022 cunha andaina polos muíños do río Loña, no Concello de Pereiro de Aguiar, ao carón da cidade de Ourense. 80 persoas procedentes dos tres campus da Universidade de Vigo participaron neste percorrido co que a Área de Benestar, Saúde e Deporte retomou unha actividade que estaba parada dese o inicio da pandemia. [+info](#).



Formación gratuita dirixida a estudantes de CFGAs, egresados dos dous últimos cursos (2019/20 e 2020/21) e participantes do programa RCU2019-2021.
 Plazo: máximo 30 prazos (30 nos obradoiros de idiomas).
 Admisión por rigores case de inmediato.
 Debe verse o xustificante de cumprimento destas condicións.
 A información máis precisa acerca do proceso de admisión e participación en inglés está no sitio web do programa.



SEIS CURSOS PARA ADQUIRIR DESTREZAS BÁSICAS PARA A INSERCIÓN LABORAL E O EMPRENDEMENTO

DUVI 18/10/2021

Ademais dos contidos propios de cada titulación ou os idiomas, existen outro tipo de coñecementos transversais e básicos para a o desenvolvemento laboral e que, en moitos casos, non se adquiren no curso da formación regrada. Para que os futuros profesionais que saian das aulas da Universidade de Vigo conten con todo este tipo de ferramentas, a Área de Emprego e Emprendemento, a Fundación Universidade de Vigo e o Consello Social levan varios anos colaborando na posta en marcha do programa Destrezas, unha proposta complementaria á formación académica que ofrece ao alumnado dos últimos cursos a posibilidade de adquirir ou mellorar as súas habilidades de oratorio, traballo en equipo, innovación e creatividade. [+info](#).



ICESD
 9th INTERNATIONAL CONGRESS
 OF EDUCATIONAL SCIENCES
 AND DEVELOPMENT
 October 20-22, 2021

O noveno International Congress of Educational Sciences and Development desenvólvese entre o 20 e 22 de outubro

PRETO 500 EXPERTOS E PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN REÚNENSE NUN CONGRESO VIRTUAL

DUVI PONTEVEDRA 19/10/2021

Preto de 500 académicos, profesionais, investigadores e estudantes dos ámbitos da educación, a pedagogía, a psicoloxía, o traballo social e a socioloxía participan entre este mércores e este venres na novena edición do International Congress of Educational Sciences en Development, que as universidades de Granada, Vigo, Minho e Porto promoven de xeito virtual. [+info](#).

OS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS DE VIGO ABRIRÁN DURANTE UN MES AS SÚAS PORTAS Á CIDADANÍA

M. DEL RÍO DUVI 19/10/2021



Un intre da viaxe en barco pola ría dunha edición previa de Divulgando Ciencia Singular

Abrir os laboratorios á cidadanía e achegar a investigación científica e tecnolóxica á sociedade. Con estes obxectivos naceu en 2018 o programa Divulgando Ciencia Singular, unha iniciativa para que os seus centros de investigación da Universidade de Vigo dean a coñecer de primeira man o traballo que desenvolven. [+info](#).

Outubro 2021.



Trátase dunha das medidas inseridas no plan de acción do Green Campus

XA EN FUNCIONAMENTO O POSTE DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS DO CAMPUS

DUVI PONTEVEDRA 19/10/2021

O campus de Pontevedra ten xa en funcionamento un punto de recarga de vehículos eléctricos, situado no aparcamento da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, unha instalación acometida pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade e inserida no plan de acción do programa Green Campus. [+info.](#)



XUNTA E UVIGO RATIFICAN O CONVENIO PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN BIOSANITARIA NA ÁREA SUR DE GALICIA

DUVI 19/10/2021

Impulsar e potenciar o desenvolvemento do IIS Galicia Sur é o principal obxectivo do convenio asinado esta mañá, no Hospital Álvaro Cunqueiro, por parte do conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña; o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa; e o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, como representante da Fundación Biomédica Galicia Sur. O documento, que reforza a parte xurídica e de xestión do Instituto e renova o anterior, senta as bases da nova política de investigación, ademais de adaptar as estruturas e os obxectivos á realidade científica actual e futura.



Foto de familia de autoridades e alumnado

O CAMPUS DE OURENSE SUMA OITO ESTUDANTES DE MESTRADO “EXCELENTES” PROCEDENTES DO ESTRANXEIRO

DUVI OURENSE 20/10/2021

Este mércores o campus de Ourense acolleu, tal e como aconteceu o pasado 6 de outubro no campus de Vigo, o acto de benvinda ás e aos beneficiarios das Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior (BEME) que impulsa a Xunta de Galicia. Ao seu abeiro, oito estudantes con curriculum “excelentes”, descendentes de emigrantes ou galegos residentes no estranxeiro, realizarán este curso académico un mestrado neste campus. Con elas e eles son un total de 81 as alumnas e alumnos que elixiron a Universidade de Vigo para continuar a súa formación cunha destas bolsas. [+info.](#)

Outubro 2021.



Xosé Henrique Costas, Carlos Xesús Varela e Jorge Luis Bueno no acto de presentación do dicionario

A UNIVERSIDADE DE VIGO PUBLICA EN EXCLUSIVA O PRIMEIRO 'DICCIONARIO DO GALEGO DE ASTURIAS'

D. BESADÍO DUVI 20/10/2021

800 páxinas, máis de 32.000 entradas, 50.000 significados. Así é o Dicionario do Galego de Asturias, obra magna de Carlos Xesús Varela Aenlle, xeógrafo de formación, doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo e académico correspondente da Real Academia Galega para o Eo-Navia. Editado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, a obra naceu da necesidade imperiosa de recoller a riqueza léxica da área lingüística dialectal da comarca do Eo-Navia, formada por 19 concellos do occidente de Asturias. [+info](#).

10



UNHA SEMANA PARA FOMENTAR O ACCESO ABERTO NA UNIVERSIDADE

DUVI 20/10/2021

O movemento Acceso Aberto, ou *Open Access*, leva xa máis de 20 anos promovendo a ciencia en aberto, é dicir, o acceso libre e de balde á información científica dispoñible en liña, permitindo a reutilización legal deses contidos e garantindo o dereito dos autores a ser recoñecidos e citados. A Universidade de Vigo está institucionalmente implicada con este obxectivo, tal e como se recolle na Política institucional de acceso aberto á produción científica da Universidade de Vigo e no Plan estratéxico 2021-2026. [+info](#).



A UVIGO PARTICIPA NO PROXECTO FACENDO 4.0 LIDERADO POR STELLANTIS PARA DESEÑAR O SECTOR DA AUTOMOCIÓN DO FUTURO

DUVI 20/10/2021

Un proxecto pioneiro en cooperación, no que van da man unha das empresas máis importante de Galicia, Stellantis Vigo, e catro centros de investigación de referencia: a Universidade de Vigo, o CTAG, Gradient e Aimen. Estes cinco socios conforman o proxecto Facendo 4.0 (Competitividade Industrial e Electromobilidade a través da Innovación e a Transformación Dixital) que ten como obxectivo contribuír a incrementar a competitividade e reforzar o tecido empresarial do sector da automoción de Galicia. [+info](#).



A PROFESORA CAMIÑO NOIA PRESENTA UN CATÁLOGO DE REFERENCIA INTERNACIONAL SOBRE OS CONTOS GALEGOS TRADICIONAIS

DUVI 21/10/2021

A medida que as aldeas foron sendo abandonadas, que os oficios tradicionais se foron perdendo e que a transmisión oral foi substituída pola tecnoloxía, os contos galegos foron tamén quedando no esquecemento. A catedrática emérita da Universidade de Vigo Camiño Noia, leva décadas traballando na súa recollida, catalogación e divulgación dun patrimonio oral "riquísimo" pero en perigo de desaparición. Tras publicar en 2002 *Contos galegos de tradición oral* e no 2010 *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*. [+info.](#)

11



A inscrición permanece aberta ata o 5 de novembro

AS LIGAS UNIVERSITARIAS RETORNAN AO CAMPUS

DUVI PONTEVEDRA 21/10/2021

Despois de que a situación provocada pola covid-19 impedise o seu desenvolvemento o pasado curso, as ligas universitarias retornarán nos próximos meses aos tres campus da Universidade de Vigo. No mes de novembro, Pontevedra será o primeiro en recuperar estas competicións internas de equipos formados por integrantes da comunidade universitaria, que poden inscribirse ata o 5 de novembro a través da plataforma [Campus Activo](#). [+info.](#)



Cartaz da actividade

ALUMNADO DE 20 UNIVERSIDADES PARTICIPARÁ NUNHAS XORNADAS SOBRE CONTROL DE XESTIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

DUVI OURENSE 22/10/2021

O vindeiro 27 de outubro celebrárase de xeito virtual a terceira edición das xornadas *Control de xestión desde unha perspectiva de xénero*, co-organizadas pola Universidade de Vigo e AICOGestión. A cita contará coa asistencia de máis de 120 estudantes, académicos e profesionais procedentes de máis dunha vintena de universidades iberoamericanas. [+info.](#)




Participantes nunha das actividades celebradas no campus de Vigo o pasado mes de abril

REGRESA O PROGRAMA EXPLORACAMPUS E CON EL A ACTIVIDADE DEPORTIVA AO AIRE LIBRE

D. BESADÍO DUVI 26/10/2021

Tras a boa acollida da que gozou o curso pasado en Vigo e Pontevedra, o programa de actividades ao aire libre ExploraCampus esténdese este curso á cidade de Ourense. A idea da iniciativa mantense intacta, “o que buscamos é que as diferentes persoas da comunidade universitaria poidan facer deporte e, ao tempo, gozar da natureza na contorna máis inmediata ao seu lugar de traballo”, explica Xabier Rial, director técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo. [+info](#).

12



Remedios Melero durante a súa intervención

A PUBLICACIÓN EN ABERTO, CLAVE PARA DERRUBAR AS BARREIRAS DE ACCESO Á INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

M. DEL RÍO DUVI 28/10/2021

A aposta da Universidade de Vigo pola ciencia en aberto plásmase no Plan Estratéxico 2021-2026 e concrétase nunha Política institucional de acceso aberto á produción científica. Pero para visibilizar este posicionamento, a institución tamén se une á celebración da Semana Internacional do Acceso Aberto, que se está a celebrar do 25 ao 31 deste mes, baixo o lema *Importa como abrimos o coñecemento: construíndo equidade estrutural*. [+info](#).



Más información sobre este evento
A feira desenvolverase ao longo deste xoves e venres

PRETO DE 1300 PERSOAS PARTICIPAN ESTA SEMANA NA FEIRA VIRTUAL DE EMPREGO ONEJOB2021

D. BESADÍO DUVI 27/10/2021

Co prazo de inscrición aínda aberto, son xa preto de 1300 as persoas que se inscribiron na segunda edición da Feira Virtual de Emprego OnEJob2021, unha cita que se levará a cabo ao longo deste xoves e venres e na que se reúnen un cento de empresas que poñen sobre a mesa máis de 200 ofertas de emprego “nas que se buscan candidaturas para sectores moi diversos e que requiren competencias moi variadas”, tal e como recalca a directora da Área de Emprego e Empredemento, Maruxa Álvarez. [+info](#).



EXPERIENCIAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DIFERENTES EIDOS REÚNENSE NUN CICLO DE CONFERENCIAS

DUVI PONTEVEDRA 29/10/2021

Do desenvolvemento de investigacións sobre a actividade física das e os escolares, á implantación de novas metodoloxías para a aprendizaxe das matemáticas, pasando polo potencial pedagóxico dos patios ou por como levar a investigación científica ás aulas de infantil. Diferentes experiencias de investigación e innovación no eido educativo reúnense nun ciclo de conferencias promovido polo Máster Interuniversitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria. [+info](#).

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640